

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 12, 44-50

Naquel tempo, Xesús gritou:

– «Quen cre en min, realmente non cre en min, senón naquel que me mandou; e quen me ve a min, ve a quen me mandou. Eu son a luz que veu ó mundo, para que todo o que cre en min non permaneza nas tebras.

Se alguén escoita as miñas palabras e non as garda, eu non o xulgo, pois non vin para xulgar o mundo, senón para o salvar. Quen me despreza e non recibe as miñas palabras, ten quen o xulgue: a palabra que eu falei hao xulgar no derradeiro día.

Porque eu non falei pola miña conta, senón que o mesmo Pai, que me mandou, deume a encomenda do que debo dicir e do que hei de falar. E eu sei que a súa encomenda é vida eterna. Por iso, as cousas que eu falo, fáloas como mas dixo o Pai.»